

## FICHA DO LIBRO



- Título do libro. [PARA SEGUIR BAILANDO](#)  
Ano de Publicación. [2009](#)  
Autor. [Francisco Xosé Fernández Naval](#)  
Xénero. [Narrativa](#)  
Editorial. [Edicións Xerais de Galicia](#)  
Colección.  
Número de pax. **152**  
ISBN. **978-84-9782-957-1**  
[WEB](#).

## As sombras do noso espello

Dez relatos constitúen este novo libro de Francisco X. Fernández Naval que se alimenta de temas moi presentes na actualidade do mundo que nos tocou vivir e no que o autor dá boa mostra da súa habilidade narrativa a través da multiplicidade de recursos utilizados e dunha pulcritude formal e lingüística digna de remarcar.

**Anxos García Fonte. Cabanas**

Non vou dicir que o feixe de relatos que contén *Para seguir bailando* de Francisco Fernández Naval me sorprende, porque a traxectoria sostida deste escritor nos distintos xéneros que ten tocado non deixa lugar a dúbidas sobre a seriedade e profundidade coa que se enfronta ao traballo literario. Estamos diante dun autor que non abandona ningún aspecto –nin a lingua, nin o tratamento dos temas, nin a escolla das distintas posibilidades estruturais– ao azar nin ao desleixo.

*Noite de pallabarro* narra en 3ª persoa un episodio que marca o paso da infancia á adolescencia de tres compañeiros de xogo coa irrupción nun espazo que oculta unha verdade terríbel que só moitos anos despois poderán relacionar cunha das moitas traxedias da Guerra Civil soterradas durante os anos da ditadura.

En relación co tema das revelacións, que abren os ollos a unha realidade na que as cousas non sempre son o que semellan ser, está o relato *Noite de cloroformo*. Neste caso un narrador testemuña reconstrúe unha historia en flash back a partir da noticia publicada nun xornal do que só saberemos o “que” ao final da narración.

O relatos *Contemporáneos I* e *O escriba e o comandante* pódense considerar parte da mesma historia, pero desde distintos puntos de vista. No primeiro, a narración está focalizada na lenta agonía da vida rural tradicional nunha aldea da Ribeira Sacra que só ten dous habitantes maiores de oitenta anos. O segundo conta o encontro dun novelista co protagonista dunha das súas ficcións, o líder dun grupo guerrilleiro que operaba no mesmo espazo do relato anterior baixo a mirada indiferente dos superviventes dun mundo sentenciado de morte que estes pretenden salvar. Trátase dunha reflexión sobre os profundos cambios sociais e culturais da Galicia dos últimos tempos desde unha óptica profundamente escéptica e desesperanzada e do anacronismo de certas posturas de resistencia.

*A vida secreta de L.* poida que sexa o relato máis complexo desde o punto de vista estrutural. Nel combínanse distintos puntos de vista e xeitos narrativos, coma o monólogo interior, as reproducións de conversas a través dunha soa voz ou a introdución de anacos dun diario. Deste xeito, o tema que aborda, os celos e a violencia machista, adquire unha profundidade que foxe dos estereotipos simplificados.

*Ovos de serpe* trata, cun certo aire de novela negra, a corrupción política nun réxime democrático. Na descrición dos procedementos polos que o poder económico se aproveita do poder político e viceversa non faltan tramas mafiosas, tensión sexual e persecucións automobilísticas en plena noite.

*A noite de Ith* xira arredor do magnetismo da Torre de Hércules, en realidade a auténtica protagonista da historia, que parece atraer irremediabelmente a dous personaxes que acabarán desaparecendo de maneira misteriosa. A reconstrución da personalidade de Inma e Lestón, os desaparecidos, e a súa relación co narrador centran un relato dirixido por un eu testemuña capaz de captar con trazos breves, como nesta pasaxe, “un fumar convulso de seres vulnerables, que expresaba a necesidade de ocultar as horas entre fíos de fume, de acurtalas para non vivilas”, a esencia do que describe.

*Contemporáneos II* retoma o tema dun mundo rural habitado por seres solitarios, esta vez seguindo os pasos dunha enfermeira que sente a necesidade de cambiar o rumbo da súa vida para sentirse útil e

atopa o seu sitio nunha pequena comunidade rural onde alivia non só as necesidades corporais senón, e sobre todo, tamén as dificultades comunicativas dos seus pacientes.

*Margot, a noite e un adeus* fai un curioso xogo narrativo a partir da conversación de dúas parellas nun restaurante no que o contado por unha delas faise real nunha mesa contigua, de xeito que “Xosé facía esforzos para non perder o fío das dúas conversas”. Conséguese así un curioso xogo de espellos dos que van emerxendo as sombras, coma a traxedia vai latexando en cada nota dun tango. A localización narrativa, Buenos Aires, lugar de destino turístico ou cultural e, ao mesmo tempo, de reencontro dos galegos con parte da súa memoria colectiva, vincúlao ao derradeiro dos relatos do libro.

O relato que pecha a colección e dá título ao libro é unha longa carta dirixida a Cortazar na que o emisor, trasunto do propio Francisco Fernández Naval, relata as incidencias dunha viaxe a Buenos Aires para presentar un libro sobre a relación do escritor arxentino con Galicia. Un encontro inesperado dará pé a contrastar a súa perspectiva sobre a obra e vida de Cortázar coa de alguén que tivo un trato estreito con el en vida. Cortázar entón parece falar por boca da descoñecida que se cruza no camiño do escritor cortazariano: “o azar segue bailando e trazando rastros que se cruzan con outros rastros, dando como resultado unha realidade na que sempre estás presente”.

*Para seguir bailando* é un libro que se alimenta de temas moi presentes na actualidade do mundo que nos tocou vivir –a violencia machista, os abusos a menores, o abandono do mundo rural, a memoria histórica, a corrupción política, o fracaso dos movementos de liberación políticos nas sociedades posmodernas ou a internacionalización da cultura galega– no que o autor dá boa mostra da súa habilidade narrativa a través da multiplicidade de recursos utilizados e dunha pulcritude formal e lingüística digna de resaltar, precisamente por ser un aspecto frecuentemente descoidado en moitas edicións recentes. En definitiva, actualidade temática que convida á reflexión, habelencia narrativa e exquisito coidado da lingua literaria fan destes relatos unha proposta moi recomendábel para todos os públicos.